



8 - CONVOCATORIA  
= planos extintos.

## CONVENIO DE COLABORACIÓN EN XESTIÓN ACADÉMICA ENTRE AS UNIVERSIDADES DE A CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO

En Vigo a 27 de xullo de 2004

### REUNIDOS

Pola Universidade da Coruña, o Excmo. Sr. Reitor Magfco., D. José M<sup>a</sup> Barja Pérez en virtude das competencias atribuídas polo artigo 20 da Lei 6/2001 de Universidades e do seu nomeamento polo Decreto 1/2004, de 8 de xaneiro (DOG de 9 de xaneiro de 2004).

Pola Universidade de Santiago de Compostela, o Excmo. Sr. Reitor Magfco., D. Senén Barro Ameneiro en virtude da competencias atribuídas polo artigo 20 da Lei 6/2001 de Universidades e do seu nomeamento por Decreto 201/2002 de 13 de xuño (DOG de 14 de xuño de 2002).

Pola Universidade de Vigo, o Excmo. Sr. Reitor Magfco., D. Domingo Docampo Amoedo en virtude das competencias atribuídas polo artigo 20 da Lei 6/2001 de Universidades e do seu nomeamento por Decreto 185/2002 de 27 de maio (DOG de 29 de maio de 2002)

### EXPOÑEN

Tendo interese na resolución das situacións nas que o alumnado non pode rematar os seus estudos na súa universidade de orixe, por ter esgotado nunha materia todas as convocatorias ou como consecuencia dos procesos de extinción dos planos de estudo, debendo recorrer a solicitar a admisión en universidades distintas do Sistema Universitario Galego.

Que sendo o desexo das tres universidades establecer procedementos comúns e homoxéneos para o seu alumnado

### ACORDAN

#### PRIMEIRO. OBXECTO DO CONVENIO

O alumnado das Universidades de Santiago de Compostela, a Coruña e Vigo, poderán solicitar ser admitidos para render exame noutra universidade do Sistema Universitario Galego que imparta a materia na que non poida examinarse na Universidade de orixe, sempre que se trate de materias de planos de estudos elaborados de acordo ás mesmas directrices xerais, e se atope nalgunha das seguintes circunstancias:



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

- a) Que o alumno/a non poida concluír os seus estudos por ter esgotadas todas as convocatorias de exame previstas regulamentariamente na universidade de orixe
- b) Que o alumno/a non poida concluír os seus estudos por non ter dereito a exame por tratarse dun plano de estudos en proceso de extinción e sempre e cando non se teña producido a extinción total do plano de estudos

## SEGUNDO. PROCEDEMENTO

1. O alumno/a presentará un escrito dirixido ao Reitor da universidade onde estea a cursar os seus estudos solicitando render exame noutra das universidades galegas ao abeiro do presente Convenio.
2. A universidade de orixe, a través da secretaría do centro ou do xefe/a da unidade administrativa equivalente onde o alumno/a estea a realizar os seus estudos, previa comprobación de que o alumno reúne os requisitos do Convenio, enviará á secretaría do centro ou ao xefe/a da unidade administrativa da universidade receptora a petición para informe. Neste informe determinarase a materia ou materias que ten que cursar nesa Universidade sempre dentro da mesma titulación.  
  
O informe será favorable cando o contido e a carga lectiva da materia da que o alumno desexa render exame sexa equivalente ao contido dalgunha ou algunhas materias da mesma titulación impartida pola universidade receptora.
3. Recibido no centro de orixe o informe favorable comunicárase ao alumno a aceptación da súa petición dándoselle un prazo para formalizar a matrícula polo número de créditos que corresponda e só aos efectos de render exame noutra universidade por aplicación do convenio.
4. Formalizada a matrícula, remitirase un escrito á universidade de destino comunicándolle a relación de alumnos e as materias a cursar.
5. Realizados os exames na universidade de destino, esta remitirá á universidade de orixe certificación cos resultados dos exames, acreditación que poderá ser individual ou colectiva.
6. Só no caso de materias superadas, a universidade de orixe, unha vez recibida a certificación, procederá a anotar no expediente a ou as cualificacións correspondentes, facendo mención da superación da materia noutra universidade por aplicación do convenio.

Two handwritten signatures in black ink, one on the left and one on the right, positioned below the text of the sixth item in the list.



7. A estimación das peticións dos alumnos/as para render exame terá exclusiva validez por un curso académico, debéndose renovar ano a ano.

### TERCEIRO. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

As partes comprométense a unha resolución de mutuo acordo das discrepancias que poidan xurdir na execución do presente convenio, a tal efecto, constituirase unha comisión paritaria de seguimento e interpretación do convenio á que lle corresponderá, así mesmo, a resolución dos conflitos integrada polos Secretarios Xerais das universidades asinantes, ou persoas que estes designen.

A comisión de seguimento fará unha valoración por curso académico dos alumnos solicitantes e, no caso de que a reciprocidade entre universidades non fose equilibrada, poderá propoñer mecanismos de compensación derivados da matrícula dado que os ingresos se producen na universidade remitente e o servizo público se presta na receptora.

### CUARTO. XURISDICCIÓN

Dado o carácter administrativo do presente convenio e o carácter público das institucións asinantes, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa aplicación resolveranse ante a xurisdicción contenciosa-administrativa.

### QUINTO. VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia indefinida dende a súa sinatura ata a súa resolución por mutuo acordo das partes.

As partes poderán unilateralmente denunciar o presente convenio por incumprimento de calquera das partes, non podendo afectar as actividades iniciadas.

E en conformidade co acordo asinan o presente convenio

POLA UNIVERSIDADE  
DA CORUÑA

POLA UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO

POLA UNIVERSIDADE  
DE VIGO

José Mª Barja Pérez

Senén Barro Ameneiro

Domingo Docampo Amoedo



En data 27 de xullo de 2004 subscribiuse un convenio de colaboración en xestión académica entre as universidades de a Coruña, Santiago de Compostela e Vigo co fin de que os alumnos que non poidan rematar os seus estudos na súa universidade de orixe, por ter esgotado nunha materia todas as convocatorias ou como consecuencia dos procesos de extinción dos planos de estudo, poidan recorrer a solicitar a admisión en universidades distintas do sistema universitario galego.

Dito convenio xurdiu para dar solución a situacións extraordinarias de alumnos que lles faltan poucas materias para rematar os seus estudos e non os poden finalizar por non poder render exame na súa universidade

Co obxecto de evitar que ao amparo deste convenio os alumnos vaian a render exame dun número ilimitado de materias como si se tratase dunha titulación compartida ou dun traslado de expediente pero sen cumprir os requisitos establecidos na normativa vixente, faise preciso realizar unha interpretación das cláusulas do convenio.

O artigo terceiro do convenio dispón que se constituirá unha comisión paritaria de seguimento e interpretación do convenio á que lle corresponderá a resolución das discrepancias que poidan xurdir na execución do mesmo.

Por todo o exposto anteriormente, a comisión paritaria de seguimento e interpretación do convenio adoptou, na reunión celebrada na Reitoría da Universidade de Santiago o día 23 de novembro, o seguinte acordo:

Cando un alumno non poida concluír os seus estudos por non ter dereito a exame por tratarse dun plano de estudos en proceso de extinción o número máximo de materias ou créditos por curso académico das que pode render exame noutra universidade do sistema universidade galego é:

- Un máximo de tres materias en planos non renovados.
- Un máximo de trinta créditos, ou cinco materias que non superen os trinta Créditos, nos planos estruturados por créditos.

En ambos casos o número de créditos ou materias que lles falten para rematar a carreira non superará o 25% do total da titulación.

Universidade de Santiago

Carlos Gómez Otero

Universidade da Coruña

Beatriz Rodríguez Fraga

Universidade de Vigo

M<sup>a</sup> Angeles Carballo Gzlez



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Registro Xeral

SAIDA

UVIGO1101 Nº. 200400020033

24-11-2004 11:01:58

En relación co convenio de colaboración en xestión académica entre as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo achégase acordo da comisión paritaria de seguimento e interpretación do convenio. Nos vindeiros días remitirase a addenda ao convenio que recolle dito acordo.


Dado que posiblemente xa se remitiron as outras universidades solicitudes de alumnos que non cumpren o devandito acordo, deberáselles remitir, ao mais axiña posible, resolución denegatoria por incumprimento dos requisitos do convenio.

Por outra banda, si se recibe algunha solicitude doutra universidade que incumpra o mencionado acordo deberá ser denegada sen mais trámite.

Se como consecuencia da denegación da solicitude de render exame noutra universidade, o alumno optase por adaptarse ao novo plano de estudos, deberáselle conceder un prazo mínimo de 3 días para que poida presentar a súa solicitude de adaptación.

Vigo, 24 de novembro de 2004  
A SECRETARÍA XERAL



  
Mª Teresa Iglesias Randulfe

- Excmo. Sr. Vicerreitor de Titulacións, Postgrao e Formación Permanente
- Excmo. Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado
- Ilmos/as Sres/as Decanos/as e Directores/as Centros
- Sr. Xefe do Servizo de Alumnado
- Sr. Xefe do SIOPE
- Sr. Xefe do Servizo da Asesoría Xurídica
- Sres/as Administradores de Centros e Campus
- Sres/as Xefes/as de Administración e Área Académica

Centro de Apoio Científico Tecnolóxico á Investigación - CACTI  
Campus Universitario • Lagoas-Marcosende, s/n. 36200 VIGO (Pontevedra)



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Registro Xeral

SADu

UVIGO1101 Nº. 200400012851

08-11-2004 10:09:17

Ante as dúbidas xurdidas na interpretación dos puntos catro e cinco das instrucións de desenvolvemento do convenio de colaboración en xestión académica subscrito entre as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo en data 27 de xullo de 2004, achéganse novas instrucións:

**Primeira.** O alumno/a poderá solicitar render exame noutra das universidades galegas dunha ou varias materias sempre que reúna os requisitos do convenio.

A solicitude realizarase no prazo que se estableza cada ano para a matrícula ordinaria. Poderá presentarse no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares ou no rexistro dos centros correspondentes.

O persoal do rexistro remitirá as solicitudes ás secretarías de alumnos dos centros.

**Segunda.** As secretarías de alumnos dos centros remitirán nos 10 días seguintes ao remate do prazo de matrícula, para informe, á universidade receptora a solicitude do alumno, o programa da materia/s e unha certificación de que o alumno reúne os requisitos do convenio.

O programa da materia/s será proporcionado pola Secretaría do Decanato/Dirección do Centro.

A certificación de que o alumno reúne os requisitos do convenio será expedida polo Secretario/Administrador do Centro.

**Terceira.** Os alumnos/as que vaian a render exame noutra universidade do S.U.G. por haber esgotado nunha materia/as todas as convocatorias, a matrícula soamente lle dará dereito ao consumo dunha convocatoria, é dicir, unha vez esgotada a oitava convocatoria non poderá volver a examinarse desa materia/s.

No caso de que o alumno non se presentase a exame en ningunha das convocatorias do curso académico poderá solicitar de novo render exame nesa ou noutra universidade do S.U.G. en cursos académicos seguintes, sempre e cando sega vixente o convenio e sexa admitido pola universidade receptora.

O alumno/a que acuda a outra universidade do S.U.G. a render exame na oitava convocatoria **non poderá matricularse** na Universidade de Vigo do resto das materias pendentes **en tanto non teña superada a convocatoria de gracia** (8ª convocatoria).

**Cuarta.** Os alumnos/as que non poidan concluir os seus estudos por non ter dereito a exame por tratarse dun plano de estudos en proceso de extinción poderán solicitar render exame noutra universidade do S.U.G. Unha vez matriculados terán dereito a dúas convocatorias de exame por curso académico, **podendo ao mesmo tempo matricularse na universidade de orixe das materias pendentes que non estean extinguidas.**



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

No caso de non superar a materia/s nese curso académico poderá solicitar de novo render exame **nese ou noutra universidade do S.U.G.** en cursos académicos seguintes ata a extinción total do plano de estudos sempre e cando sega vixente o convenio e sexa admitido pola universidade receptora.

**Quinta.** No caso de que o informe da universidade receptora sexa favorable a Secretaría de alumnos do centro correspondente comunicará ao alumno a aceptación da súa petición, dándolle un prazo mínimo de 5 días para formalizar a matrícula na asignatura/s correspondentes.

No caso de que o alumno sexa admitido noutra universidade para render exame na convocatoria de fin de carreira, unha vez admitido, deberá matricularse na Universidade de Vigo de todas as materias ou créditos que lle restan para finalizar os estudos de acordo co previsto na R.R. de 17 de setembro de 2004 de convocatoria de matrícula nas Facultades, Escolas Técnicas Superiores e Escolas Universitarias da Universidade Vigo e nas Resolucións Rectorais que se dicten sobre a materia durante a vixencia do convenio.

O procedemento de matrícula así como o sistema de expedición de taxas será comunicado proximamente polo servizo de alumnado.

**Sexta.** Unha vez que a Universidade de orixe reciba a certificación cos resultados dos exames, no caso de superar a materia/s, a Secretaría de alumnos introducirá no expediente do alumno a convocatoria consumida e a cualificación obtida. (Opción xesta 5-16)

**Sétima.** Cando se trate de alumnos doutras universidades do S.U.G. que desexen render exame na universidade de Vigo, darase traslado das súas solicitudes aos Decanos/Directores dos Centros para os efectos de que sexan informadas nun prazo máximo de 10 días dende a súa recepción. Seguidamente as secretarías dos Decanatos/Direccións remitirán os informes á universidade de orixe.

Una vez que o alumno concorra aos exames, o Secretario/Administrador do centro respectivo remitirá á universidade de orixe certificación cos resultados dos exames.



Vigo, 8 de novembro de 2004  
A SECRETARIA XERAL

Mª Teresa Iglesias Randulfe

- Ilmos/as Sres/as Decanos/Directores Centros
- Sres/as Administradores Centros e Campus
- Sres/as Xefes de Administración e da Área Académica
- Sr. Xefe de Servizo de Alumnado e Sr. Xefe do S.I.O.P.E.

Centro de Apoio Científico Tecnolóxico á Investigación - CACTI  
Campus Universitario • Lagoas-Marcosende, s/n. 36200 VIGO (Pontevedra)



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

REGISTRO VIGO
SAIDA
UMIGO1505 Nº. 200400017172
13-10-2004 10:33:09

En relación co convenio de colaboración en xestión académica suscrito entre as Universidades de a Coruña, Santiago de Compostela e Vigo en data 27 de xullo de 2004, díctanse as seguintes instrucións:

**Primeira.** O alumno/a poderá solicitar render exame noutra das universidades galegas dunha ou varias materias sempre que reúna os requisitos do convenio.

A solicitude realizarase no prazo que se estableza cada ano para a matrícula ordinaria. Poderá presentarse no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares ou no rexistro dos centros correspondentes.

O persoal do rexistro remitirá as solicitudes ás secretarías de alumnos dos centros.

**Segunda.** As secretarías de alumnos dos centros remitirán nos 10 días seguintes ao remate do prazo de matrícula, para informe, á universidade receptora a solicitude do alumno, o programa da materia/s e unha certificación de que o alumno reúne os requisitos do convenio.

O programa da materia/s será proporcionado pola Secretaría do Decanato/Dirección do Centro.

A certificación de que o alumno reúne os requisitos do convenio será expedida polo Secretario/Administrador do Centro.

**Terceira.** Os alumnos/as que vaian a render exame noutra universidade do S.U.G. por haber esgotado nunha materia/as todas as convocatorias, a matrícula soamente lle dará dereito ao consumo dunha convocatoria, é dicir, unha vez esgotada a oitava convocatoria non poderá volver a examinarse desa materia/s.

No caso de que o alumno non se presentase a exame en ningunha das convocatorias do curso académico poderá solicitar de novo render exame nesa ou noutra universidade do S.U.G. en cursos académicos seguintes, sempre e cando sega vixente o convenio e sexa admitido pola universidade receptora.

O alumno/a que acuda a outra universidade do S.U.G. a render exame na oitava convocatoria **non poderá matricularse** na Universidade de Vigo do resto das materias pendentes **en tanto non teña superada a convocatoria de gracia** (8ª convocatoria).

**Cuarta.** Os alumnos/as que non poidan concluir os seus estudos por non ter dereito a exame por tratarse dun plano de estudos en proceso de extinción poderán solicitar render exame noutra universidade do S.U.G. Unha vez matriculados terán dereito a dúas convocatorias de exame por curso académico, **poidendo ao mesmo tempo matricularse na universidade de orixe das materias pendentes que non estean extinguidas.**





UNIVERSIDADE  
DE VIGO

No caso de non superar a materia/s nese curso académico poderá solicitar de novo render exame noutra universidade do S.U.G. en cursos académicos seguintes ata a extinción total do plano de estudos sempre e cando sega vixente o convenio e sexa admitido pola universidade receptora.

**Quinta.** No caso de que o informe da universidade receptora sexa favorable a Secretaría de alumnos do centro correspondente comunicará ao alumno a aceptación da súa petición, dándolle un prazo mínimo de 5 días para formalizar a matrícula na asignatura/s correspondentes.

O procedemento de matrícula así como o sistema de expedición de taxas será comunicado próximamente polo servizo de alumnado.

**Sexta.** Unha vez que a Universidade de orixe reciba a certificación cos resultados dos exames, no caso de superar a materia/s, a Secretaría de alumnos introducirá no expediente do alumno a convocatoria consumida e a cualificación obtida. (Opción xesta 5-16)

**Sétima.** Cando se trate de alumnos doutras universidades do S.U.G. que desexen render exame na universidade de Vigo, darase traslado das súas solicitudes aos Decanos/Directores dos Centros para os efectos de que sexan informadas nun prazo máximo de 10 días dende a súa recepción. Seguidamente as secretarías dos Decanatos/Direccións remitirán os informes á universidade de orixe.

Una vez que o alumno concurra aos exames, o Secretario/Administrador do centro respectivo remitirá á universidade de orixe certificación cos resultados dos exames.

Vigo, 13 de outubro de 2004  
A COORDINADORA DA  
SECRETARÍA XERAL



Angeles Carballo González

- Ilmos/as Sres/as Decanos/Directores Centros
- Sres/as Administradores Centros e Campus
- Sres/as Xefes de Administración e da Área Académica
- Sr. Xefe de Servizo de Alumnado
- Sr. Xefe do S.I.O.P.E.